



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Literatura Inglesa (XVI-XVII)			Código	613G03021
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Inglés				
Prerrequisitos					
Departamento	Filloxía Inglesa				
Coordinación	Gomez Blanco, Carlos Juan	Correo electrónico	carlos.gomezb@udc.es		
Profesorado	Gomez Blanco, Carlos Juan	Correo electrónico	carlos.gomezb@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Análise da literatura inglesa dos seculos XVI e XVII, desde a época isabelina á Restauración.				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
- Ter un coñecemento avanzado da literatura angloirlandesa do XVI e XVII.	A1 A2 A6 A16 A17	B1 B3 B5	C2 C6 C7
- Coñecer a historia e a cultura de Gran Bretaña e Irlanda nun periodo de grandes cambios.	A2 A6 A9 A16 A17	B1 B3 B5 B7 B8 B10	C2 C4 C6 C7
- Mellorar a competencia literaria, a capacidade de análise e síntese, e a visión crítica.	A1 A2 A6	B1 B3 B5 B6 B7	C5 C6 C7
- Ser capaz de elaborar ensaios e exponelos oralmente en lingua inglesa.	A1 A2 A3 A6 A16	B1 B3 B4 B5 B7	C2 C6 C7

Contidos

Temas	Subtemas



Elementos básicos ou xerais do programa	Do renacemento á Ilustración. Datos históricos (política e a corte, relixión, a creación dun imperio en expansión, a aparición dos partidos políticos, a caída dos Estuardo) e evolución das clases sociais. Individualismo e mercantilismo. O contrato social.
1. Introducción: Sociedade, cultura, política e literatura desde a Idade Media ata o século XVII. 1.1 Periodos isabelino e xacobeo 1.2. A Restauración	
2. Orixe do teatro	Teatro sacro e pagano. Sistema de produción nos miracle plays, etc.
3. Teatro na época de Isabel I e Xaime I. 3.1: sistemas de produción: teatros, compañías, público 3.2. O drama previo a Shakespeare: Kyd e Marlowe 3.3. Shakespeare 3.4. Ben Jonson	Obras de lectura obrigatoria: 3.3 Shakespeare. The Merchant of Venice Twelfth Night. Othello Macbeth 3.4 Ben Jonson. Volpone
4. Teatro da época carolina 4.1. Middleton y Dekker 4.2 Webster	Obra de lectura obrigatoria: 4.2 John Webster. The Duchess of Malfi
5.A Restauración, 1660-1700 5.1 Sistema de produción teatral: escenografía e actrices. 5.2 Ensaio de Dryden 5.3 Os grandes comediógrafos 5.4 Wycherley 5.5. Congreve	Obras de lectura obrigatoria: 5.4 William Wycherley. The Country Wife 5.5 William Congreve. The Way of the World
6. Aspectos básicos da poesía dos séculos XVI e XVII: Shakespeare, Donne, Dryden e Milton	Sonetos, poesía metafísica, neoclasicismo, Paradise Lost. Fotocopias na clase únicamente.
7. Aspectos básicos da prosa do XVII: Behn e Congreve.	O orixe da novela inglesa: a picaresca e os romances. Fotocopias na clase únicamente.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	8	29
Lecturas	0	60	60
Seminario	2	6	8
Proba obxectiva	2	4	6
Análise de fontes documentais	6	10	16
Presentación oral	8	5	13
Proba de resposta múltiple	1	2	3
Discusión dirixida	2	10	12
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O profesor exporá os contidos teóricos relativos á literatura inglesa dos séculos XVI ao XVII, tendo en conta o contexto sociocultural. O obxectivo é proporcionar coñecementos xerais (datos históricos relevantes, sistema de produción, autores, obras e xéneros literarios máis representativos). Os textos de lectura obrigatoria terán unha presenza parcial nestas sesións, pois o profesor comentará autores (por exemplo, Marlowe, Donne ou Behn) e textos (por exemplo, sonetos de Shakespeare ou o ensaio sobre poesía dramática de Dryden) mediante fotocopias ou proxeccións.



Lecturas	A lectura das fontes primarias é fundamentalmente traballo fora das clases, pois na clase a lectura tornase en comentario de texto realmente.
Seminario	Os seminarios cos grupos medios centraranse no coñecemento da literatura inglesa dos séculos XVI e o XVII, pero os textos de lectura obrigatoria serán o núcleo, e a participación dos alumnos será esencial.
Proba obxectiva	Haberá un exame final oficial escrito obrigatorio (1ª oportunidade) que representará o 50 por cento da nota final e que consistirá na elaboración, perante un tempo determinado, dun ensaio académico ou comentario de texto sobre algunha(s) das oito lecturas, mais unha pregunta breve sobre datos dos seminarios e lección maxistras. O alumno debe obter unha nota mínima total de 4 sobre 10 (en realidade, 2 sobre 5) para facer media.
Análise de fontes documentais	Comentarios de texto (das fontes primarias obrigatorias) feitos nos grupos pequenos ou medianos.
Presentación oral	Cada alumno deberá facer unha presentación oral dun traballo tutelado durante o curso. O tema será un aspecto moi concreto dun dos 8 textos obrigatorios. A elección do mesmo farase entre os alumnos e ou profesor. Será breve (8-9 minutos) e integrarase con unha discusión dirixida posterior. Esta sí que é unha actividade que o alumno ten que preparar fora da aula. Valdrá un 10% da avaliación. Cando o alumno/a, por circunstancias varias, non poda facela, sempre poderá entregar o traballo por escrito antes do 15 de decembro
Proba de resposta múltiple	Durante o curso, en datas prefixadas e comunicadas a través de Moodle, haberá 4 tests de preguntas específicas sobre as lecturas obxecto de estudo, para comprobar e incentivar a lectura continua. Non é unha actividade fora da clase realmente, pois o alumno simplemente ten que ler as fontes e membrar as historias. Un test de 15 minutos cada dúas lecturas obrigatorias. Cada test valdrá 0,5 puntos: dous puntos ou 20% da validación en total.
Discusión dirixida	Se debatirán aspectos das obras do corpus nas clases de grupos pequenos. As veces se integrarán co exposición oral de 5 ou 6 alumnos (40 minutos).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Análise de fontes documentais Seminario	Supervisarase ao alumnado nas súas tarefas de comentario de textos ou presentacións, e recomendarase que cada estudante utilice as horas de tutorías para afondar en cuestións relativas á materia para a solución de problemas.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	4 tests de lectura das obras obrigatorias. 2 puntos sobre 10 (0.50 por test).	20
Presentación oral	O alumno preparará e expondrá un aspecto concreto nun tempo máximo de 9-10 minutos. Cando o alumno/a, por circunstancias varias, non poda facela, sempre poderá entregar o traballo por escrito (uaprox. 8 págs., dobre espazo) antes do 15 de decembro para que a actividade compute. 1 punto sobre 10.	10
Discusión dirixida	Debate na clase sobre temas concretos ou tras a presentación oral de cinco ou seis compañeiros. Terase en conta a presenza e a participación, e recorellanse notas tomadas polos alumnos durante o debate de cando en vez.	0
Proba obxectiva	Exame final: ensaio académico e comentario de texto sobre as obras do corpus mais unha pregunta breve sobre datos transmitidos nas lección maxistras e seminarios (50%; é dicir, 5 puntos sobre 10). OBSERVACIÓN: a nota mínima para facer media co resto é de 2 sobre 5 (4 sobre 10)	50
Análise de fontes documentais	Comentarios de textos feitos nas clases. Recorellanse uns poucos durante o curso. 1.5 puntos.	15
Sesión maxistral	Asistencia activa. O alumno/a deberá asistir a un mínimo de 10 sesións para ser calificado con 0.5 p. Follas de firmas. Tamén será necesaria a participación activa nas clases de grupos (asistencia a 18 clases mínimo).	5
Outros		

Observacións avaliación



Nesta materia valorarase especialmente o coñecemento da historia da literatura inglesa e a capacidade do alumno para analizar razoadamente, empregando coñecementos teóricos básicos, dous oito textos literarios ingleses do corpus. A nota media final ha de ser igual a 5 para poder aprobar a materia. Os alumnos/as deberán obter tamén un mínimo de 2 sobre 5 puntos no exame, e de 2 sobre 5 na avaliación continua. Os alumnos/as que non fagan traballos, exposicións orais ou comentarios de texto non terán notas de avaliación continua. É necesario obter 2 puntos e terán que recuperalos na convocatoria de recuperación ou segunda oportunidade, aínda que teñan 5 de 5 puntos no exame de primeira oportunidade, algo que obviamente non é doado. A única lingua empregada en clase, os traballos e os exames será o inglés. As faltas de expresión graves (non de estilo) en lingua inglesa mermarán a nota en calquer actividade. Polo tanto recoméndase ós alumnos/as que se esmeren na redacción e a revisen. Tampouco se permitirán plaxios de fontes escritas ou dixitais nos exames ou traballos. Os alumnos deben adquirir competencia literaria propia en certa medida, aínda que é lóxico, e polo tanto perdoable, que os comentarios e interpretacións do profesor subexistan tras dita competencia. Cando o alumno/a, por circunstancias varias (enfermedade xustificada, dispensa, etc), non poda facer a presentación oral, sempre poderá entregar un traballo por escrito antes de exame de primeira oportunidade para que a actividade compute entón. Os alumnos/as que asistan e participen durante o curso na avaliación continua non poderán ser considerados como non presentados a partir da realización dun 25 % das actividades. Os alumnos a tempo parcial con dispensa deberán falar co profesor durante as dúas primeiras semanas para buscar alternativas á avaliación continua na primeira oportunidade. A avaliación na oportunidade de xullo dividirase do xeito seguinte: 50% exame final + 50% actividades que substituirán o traballo feito durante a avaliación continua e que se especificarán ao publicar as notas da primeira oportunidade. Por exemplo, 4 tests similares ós feitos durante o curso deberán facerse o día do exame.

Fontes de información

Bibliografía básica
Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Literatura Inglesa 1/613G03010
Literatura Inglesa 2/613G03017

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías